

DEDICATORIA

En 1991, despois de 25 anos de cátedra na Universidade de Santiago, o Departamento de Filoloxía Galega ofreceulle a Constantino García un feixe de estudos con colaboracións de antigos discípulos e colegas de claustro. Entre os colaboradores estaba a totalidade dos investigadores que entón compoñían o Consello Científico do Instituto da Lingua Galega, e moitos outros que pasaran por el como investigadores e daquela pertencían xa ao *staff* doutros centros. Isto inhibiu entón unha homenaxe específica do ILG. En novembro de 2004 celebrouse o trinta aniversario do comezo dos traballos do *Atlas Lingüístico Galego*, que el iniciou e dirixiu; por iso o Consello Científico do ILG, promotor do simposio *Lingua e territorio*, no que participa en pleno o actual equipo do *ALGa*, tomou o acordo de dedicalo á súa honra, así como as actas resultantes.

Foron moitos os acontecementos que tiveron lugar na historia lingüística deste territorio nestes corenta anos. Algúns deles, especialmente os que se refiren ao estudo científico da lingua e a produtos derivados, foron postos en marcha por iniciativa de Constantino García.

En 1963 comezaron en Santiago os estudos de Filoloxía Románica; daquela chamábase así a única licenciatura que existía, e equivalía en contidos aproximadamente ao que é hoxe Filoloxía Hispánica. En 1966 os trinta e pico alumnos que escolleramos aquela especialidade asistíamos ás aulas do que estaba sendo o noso derradeiro curso de licenciatura; era nun dos locais do edificio López Ferreiro, nun espazo que correspondía parcialmente ás actuais dependencias de Lexicografía e Estudos Medievais do actual ILG. Moi andado xa o curso compareceu en Santiago Constantino García; viña tomar posesión dunha praza gañada había pouco e, á parte de asinar os papeis correspondentes e impartir a lección inaugural da súa cátedra, que naquela época aínda se

facía no Salón Artesoado de Fonseca ante o claustro de profesores, un día que tiñamos aula da súa disciplina, á hora de clase, visitou os que xa non podiamos ser alumnos seus porque o curso estaba a rematar; tiña que regresar a Bonn finalizar os compromisos docentes que tiña aló. A miña memoria del remóntase a aquela cerimonia en Fonseca e a outros dous ou tres contactos menos cerimoniais a principios do 66.

No curso seguinte, 1966-1967, comezou o seu labor académico en Santiago, que durou de maneira ininterrompida ata a súa xubilación.

Este labor foi, claro está, o docente, que se limitou á Filoloxía Románica, excepto algún breve encargo de sintaxe do español. Constantino non pertence a esa clase de profesores que deixaron memoria imborrable por unhas clases sempre brillantes como a que deixaran Cotarelo e Otero, de quen se falaba aínda na miña época de estudante; a filoloxía require unha certa vocación e a porcentaxe de alumnos con vocación de filólogos, en cursos de corenta ou cincuenta, en xeral non chega á media ducia e o profesor non pode falar só para eles; aínda así as clases de Constantino tiveron sempre sona de estimulantes entre outras razóns porque estaba constantemente exixindo intervencións orais ou escritas e traballos prácticos de moi diverso tipo entre os que estaban os de temática galega (onomasioloxía, toponimia...). Era en cambio no grupo reducido dun seminario, no cara a cara cun titorado, ao discutir os pormenores dunha etimoloxía ou o valor dun tempo verbal ou dunha partícula (agora xa con xente máis motivada) onde o seu mestrado deixou unha marca maior entre os seus discípulos.

Constantino García estudara en Oviedo, fixera o doutoramento en Madrid e ensinara castelán en Bonn. En Oviedo os mestres del, entre eles Alarcos, estimulaban a realización de traballos de dialectoloxía; varios colegas seus e algúns xa máis veteranos foron autores de monografías sobre falas do astur-leonés (Cabranes, Lena, Babia, a Cabreira Alta...), de maneira que ao remate dos anos 50 unha boa parte dos vales de Asturias e algún dos de León tiñan a súa monografía dialectal. En Madrid os círculos cos que traballou, especialmente o de Pidal e Lapesa, orientaban os seus estudos máis ben á busca das orixes do idioma, daquela era cara ao léxico hispánico primitivo. E en Bonn o catedrático do que dependía o seu lectorado, Harri Meier, era basicamente etimólogo. Así é que a súa carreira de romanista viña en certa maneira orientada para calquera destas parcelas.

A circunstancia galega coa que se encontrou á súa chegada fixo o resto. De feito aquí había unha lingua románica que ata 1966 fora estudada só moi parcialmente, e de maneira seria (fóra do dicionario) case só por estranxeiros; había unha cátedra de Filoloxía Románica, nunha primeira etapa sen ningunha outra que lle fixese competencia pois, ata ben entrados os setenta, as outras cátedras ou estaban sen cubrir ou estaban cubertas por profesores en tránsito; había ademais unha licenciatura nova, Filoloxía Románica (sección de español), creada en 1963, cada vez con máis alumnos, moitos deles vocacionais e tamén moi motivados polo galego.

Todo iso, formación e circunstancias, ademais do seu talento e aplicación, predestinaron o novo profesor, que viña con idea de quedarse, a facer unha escola filolóxica. Así é que unha vez establecido en Santiago case a totalidade dos seus traballos acabaron tendo como argumento algún asunto galego (maiormente referidos a cuestións onomasiolóxicas) o mesmo que a maior parte dos traballos que dirixiu, ben como teses de doutoramento, ou como memorias de licenciatura, que foron moi numerosas e de temática moi variada: falas de lugares (as máis abondosas), nomenclaturas, argots, gramática moderna e histórica, sociolingüística, toponimia, estudos literarios etc. Os traballos realizáronse a un ritmo tal que en pouco tempo non quedou comarca galega sen a súa monografía dialectal ou aspecto da gramática que non tivese algún estudo, pequeno ou grande.

Quen fose titorado de Constantino García recordará que, aínda que a súa formación fora *tradicional* nunca impuxo criterios, de maneira que nos traballos da escola de Santiago que el impulsou as bases metodolóxicas escolliíaa o autor, así é que entre as monografías dos seus discípulos hainas de moi variadas orientacións, desde a neogramática ata a xenerativo-transformacional. Os que fixemos traballos dirixidos por Constantino García poida que non atopásemos nel a sabiduría e a disciplina dun Pidal ou un Lapesa pero encontramos sempre o seu apoio para poder dispor de canto medio era preciso tanto para acceder á información como para realizar os traballos ou proxectos.

No currículo de Constantino García, paralelas á docente, hai aínda outras empresas de maior envergadura e que perviven asociadas co seu nome, mesmo despois de apartado o seu fundador da actividade académica; empresas que prolongarán a súa memoria ata máis alá da súa

existencia física. Unha delas é a fundación do ILG; outra a creación da revista *Verba* e da súa irmá menor *Cadernos de Lingua*; a terceira, a posta en marcha do *ALGa*; a cuarta, a creación do Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega; a quinta o Seminario de Sociolingüística na mesma institución. O significado de todas elas tanto para coñecer cientificamente a lingua e a súa situación social, así como para tomar decisións de carácter normativo non necesitan ponderación. O testigo das cinco empresas foi transferido xa a outras persoas pero a pegada do seu fundador é permanente e a débeda dos que agora son responsables da súa perduración é impagable.

Certamente cambiaron moito as cousas desde 1966. Cambiaron as cidades e as aldeas galegas; o Santiago que el atopou á súa chegada aínda era invadido cada xoves por carros de bois e por piadas de vacas, porcos e cabalos que confluían en Santa Susana procedentes de varias leguas á redonda. As cidades fixéronse máis cidade e as aldeas menos aldeas e cada vez máis diferenciadas unhas das outras. Nestes corenta anos a maior parte dos traballos tradicionais e os aveños que se usaban para realizalos pasaron a ser arqueoloxía (que perdurarán para a investigación en boa medida grazas ao *ALGa*). Lembramos isto intencionadamente polas repercusións sociolingüísticas que comportou. Pasou unha ditadura, veu unha democracia; o galego mesmo pasou de perseguido, ou como moito tolerado, a estar institucionalizado. No plano lingüístico, cinguíndonos neste caso estritamente á historiografía lingüística, as cousas tamén mudaron radicalmente; de termos unha lingua sen case presenza ningunha nas bibliografías da romanística, como moito de sermos un apéndice minúsculo da lingüística española ou da portuguesa pasamos a ter epígrafe propia. A lingua mesma, de ser ignorada completamente ou rebaixada a un dialecto do español nos manuais de romanística, acabou adquirindo un certo recoñecemento internacional. Isto é debido, claro está, ao novo status adquirido pola lingua na nova situación política, pero tamén, en boa medida á cantidade e calidade de estudos sobre a lingua mesma. Naturalmente moitos destes traballos non se deben xa a escola de Santiago porque o galego é obxecto de estudo para investigadores das tres universidades galegas e tamén de moitas universidades estranxeiras; é tamén tópico de investigación para moitos *free lancers*, principalmente galegos, que fan achegas moi valiosas. Con todo, o impulso inicial e non pouco

dese material científico procede da escola de Santiago, e principalmente do ILG.

Sería absurdo pensar que todo isto non se tería feito sen Constantino García como guieiro. Cando el se aveciñou en Santiago os tempos eran chegados para esta e para outras empresas e se non a acometese el seguramente a podería ter acometido outro. Pero el foi a persoa adecuada, no momento adecuado e hai que recoñecer que tivo o talento, a sagacidade, a maña e a vontade de facelo e que o fixo con notable mestría. Algún día hase de facer a historiografía lingüística de Galicia e nela, por todo iso, ha ter un capítulo non pequeno a figura de Constantino.

Desde o ILG así o acreditamos e así o queremos demostrar publicamente con esta homenaxe, aínda que cativa en volume, grande en recoñecemento. Cando se faga a presentación pública probablemente Constantino García (que gozaba cos regalos, aínda que fosen tan cativos coma unha paipa de carozo) non asistirá á cerimonia nin desfrutará desa pequena vaidade que dan os honores, pero aínda que lle falte esta pequena adealla, e se cadra máis por iso precisamente, é polo que queremos que quede constancia do noso recoñecemento á súa figura singular.

Antón Santamarina
Santiago, 29 de xuño de 2006